

En Ourense, a de de

COMPARECEN

D/D^a, maior de idade, con DNI número ..., Director/a da Escola Superior de Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo (en diante, a ESEI).

D/D^a ..., maior de idade, con DNI número ..., actuando en nome e representación da entidade (en diante, a Empresa).

D/D^a, maior de idade, con DNI número, alumno/a da titulación de da ESEI (en diante, o/a Alumno/a).

EXPOÑEN

- 1) Que o/a Alumno/a desenvolverá como Traballo Fin de Grao / Proxecto Fin de Carreira un sistema informático para a Empresa, baixo a titorización do/da Profesor/a D/D^a, do Departamento da Universidade de Vigo.
- 2) Que a Empresa é a propietaria dos dereitos intelectuais do sistema informático a desenvolver no marco do proxecto.
- 3) Que co fin de salvagardar o segredo industrial, a Empresa manifesta que é necesario que o código fonte desenvolvido non forme parte da documentación do proxecto que se depositará na Biblioteca da Universidade de Vigo.
- 4) Que os regulamentos de Traballo Fin de Grao (TFG) e de Proxecto Fin de Carreira (PFC) da ESEI indican que o/a Alumno deberá proporcionar ao Tribunal Avaliador (ou ao/á Titor/a do seu PFC/TFG no caso de que sexa este/a quen o avalíe) os medios necesarios para avaliar o funcionamento do proxecto desenvolvido, e o código fonte de ser o caso.
- 5) Que, así mesmo, de acordo cos devanditos regulamentos establécese a obriga de que os membros do Tribunal asinen o correspondente pacto de confidencialidade.

Por todo iso,

ACORDAN

PRIMEIRO. - Que o/a Alumno/a e o/a Titor/a do TFG ou PFC asinarán coa Empresa un contrato de confidencialidade ao comezar o desenvolvemento do proxecto.

SEGUNDO. - Que o/a Alumno/a facilitará ao/á Presidente/a do Tribunal e ao/á seu/súa Titor/a toda a documentación técnica necesaria para a súa correcta avaliación, incluíndo o código fonte desenvolvido, no soporte que determine a Empresa.

TERCEIRO. - Que ao anteprojecto presentado polo/a Alumno/a e asinado polo/a Titor/a deberá achegarse copia do presente acordo, para o seu coñecemento por parte dos membros do Tribunal, de ser o caso.

CUARTO. - Que o/a Presidente/a do Tribunal será o/a responsable de custodiar o código fonte e calquera outra información confidencial, facilitando o acceso a esta unicamente aos restantes membros do Tribunal, os que previamente terán asinado o correspondente pacto de confidencialidade.

QUINTO. - Que o código fonte desenvolvido e calquera outra información confidencial que teña que quedar protexida polo segredo industrial serán devoltos á Empresa unha vez realizada a avaliación do/a Alumno/a.

SEXTO. - Que durante o prazo establecido pola Universidade de Vigo para gardar as probas documentais das actividades de avaliación, a empresa facilitará á Universidade o código fonte orixinal e a información confidencial que se utilizase para a avaliación do proxecto, no caso de que sexa necesario para resolver un proceso de reclamación.

E en proba de conformidade, asinan o presente acordo na data e lugar arriba indicados.

A ESEI

A EMPRESA

O/A ALUMNO/A